## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*ORDE do 25 de abril de 2014 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actividades de servizos sociais comunitarios e inclusión social e se procede á súa convocatoria para o ano 2014 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo).*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27, números 23 e 24, asigna á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social e en promoción do desenvolvemento comunitario, respectivamente. En virtude deste título competencial aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, onde se establece no seu artigo 31 que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social se promoverá mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, á calidade e ao carácter innovador das prestacións e servizos ofertados, á eficiencia no emprego dos fondos públicos e á súa adecuación aos obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

A Consellería de Traballo e Benestar, segundo a estrutura orgánica fixada polo Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, é o órgano que ten asumidas as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo servizos comunitarios, as políticas de inclusión social e en favor da poboación inmigrante que corresponden á Xunta de Galicia.

No exercicio desas competencias, considérase adecuado o establecemento de subvencións destinadas a entidades de iniciativa social para a prestación de servizos sociais no ámbito dos servizos sociais comunitarios, inclusión social e en favor da poboación inmigrante, sempre que se axusten á tipoloxía e requisitos legalmente establecidos e se adecuen á planificación da Consellería de Traballo e Benestar.

Así mesmo, e de acordo coas directrices comunitarias definidas nos cumios europeos de Lisboa e Niza en materia de protección social no marco de apoio ás políticas destinadas á mellora do emprego e da promoción da inclusión social, elaboráronse sucesivamente plans de inclusión social, facendo coincidir as súas vixencias coa programación temporal dos fondos estruturais (2000/2006 e 2007/2013), os cales, desde unha formulación estratéxica, se centraron en dar respostas globais e integradas, que respondan ás necesi-

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

dades dos grupos e persoas con maiores desvantaxes sociais. A citada formulación vese reforzada, aínda máis, na Estratexia 2020 e na comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións: a Plataforma europea contra a pobreza e a exclusión social, onde esta terá, entre as súas finalidades, «garantir a cohesión social e territorial, de tal forma que os beneficios do crecemento e do emprego sexan amplamente compartidos e as persoas que sofren pobreza e exclusión poidan vivir dignamente e tomar parte activa na sociedade».

Un dos principios orientadores na execución das medidas dos ditos plans é o enfoque integrado e a implicación do tecido social, co que se pretende dar cabida dentro do plan de inclusión ás entidades de iniciativa social e ás ONG, aumentando así a súa capacidade de acción para loitar contra a exclusión social, principio orientador que comparte cos programas dirixidos á poboación inmigrante.

Ata o ano 2013 as axudas que esta convocatoria comprende foron obxecto de convocatorias singulares, que recollían, cada unha delas, as especificidades propias de cada subvención e diversificaban os expedientes de gasto, o cal non facilitaba de xeito eficaz a coordinación entre todos os dispositivos.

Así, no ano 2013, esta orde de convocatoria sufriu modificacións e formulouse cun espírito unificador do cofinanciamento de todas as actividades levadas a cabo por entidades de iniciativa social no ámbito dos servizos comunitarios, da inclusión social e en favor da poboación inmigrante, e converteuse nun instrumento único que deu cabida a todas as iniciativas que, neste ámbito competencial, son desenvolvidas por entidades desta natureza, facilitándose así unha coordinación máis efectiva entre os dispositivos existentes.

Baixo esta perspectiva, esta orde regula varios tipos de axudas, entre elas aquelas dirixidas á cobertura das necesidades básicas como o aloxamento e a mantenza, e que constitúen, en moitos casos, un primeiro nivel de atención que brinda ás persoas usuarias beneficiadas o acceso ao resto dos recursos dispoñibles. Neste caso en particular, a axuda que se conceda debe referirse a un importe previamente calculado en función das singularidades de cada servizo e que dea carácter de homoxeneidade ás prestacións da mesma índole, sen que teña cabida a comparación entre solicitudes de idéntica ou similar condición e a súa posterior prelación. Baixo esta consideración, o procedemento de concorrencia competitiva non se axusta á finalidade pública pretendida e débese invocar o artigo 19.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procedéndose ao rateo do importe global máximo entre as entidades beneficiarias da subvención.

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

Non sucede así, non obstante, no resto de tipoloxías de axudas, onde a subvención vai dirixida á promoción de actuacións e, por tanto, o procedemento de concorrencia competitiva móstrase como unha ferramenta óptima na selección dos diferentes tipos de solicitudes, ofrecendo, deste xeito, ás persoas beneficiadas mellores oportunidades para minimizar as súas necesidades e carencias e, se for o caso, facilitarlles o seu proceso de inclusión social.

Dentro das axudas que teñen por finalidade a promoción de actuacións establécense tres tipos, en función do seu proxecto, o cal pode ser de carácter básico, innovador e/ou complementario dos servizos sociais comunitarios, de inclusión social ou de inclusión en favor da poboación inmigrante.

O primeiro deles ten por finalidade impulsar a formulación e desenvolvemento de programas dirixidos a complementar, ampliar ou innovar proxectos básicos de actuación dos servizos sociais comunitarios, tanto impulsando a especificidade na atención de persoas ou territorios con características singulares como complementando a acción dos servizos sociais comunitarios.

Por outro lado, na recentemente aprobada Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no artigo 60.1 e 2, establécese que a Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de servizos sociais, fomentará, mediante unha liña específica de subvencións, a impartición, por parte de entidades de iniciativa social especializadas e debidamente rexistradas como prestadoras de servizos sociais, de proxectos e actividades de capacitación persoal para a mellora da sociabilidade e empregabilidade das persoas en situación ou risco de exclusión social. As actividades financiadas terán por obxecto tanto a adquisición de habilidades e destrezas coma a preparación para a avaliación das competencias clave exixibles para o acceso normalizado á formación e cualificación profesional. Estas actividades estarán especialmente dirixidas a beneficiarios/as do tramo de inserción da renda de inclusión de Galicia e poderán constituír a actividade principal do seu convenio de inclusión sociolaboral. Na mesma liña exprésase o artigo 56.7 do citado texto normativo, no senso de que para o desenvolvemento das actividades contidas nos convenios de inclusión sociolaboral se poderán establecer fórmulas de colaboración con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas que desenvolvan programas especializados de inserción laboral de persoas con especiais dificultades de acceso ao emprego e o artigo 57.4 que establece que para o logro dos obxectivos do plan as administracións autonómica e local poderán conceder subvencións, así como subscribir, de acordo co artigo 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, convenios de colaboración con entidades de iniciativa social que dispoñan da capacidade e dos medios adecuados

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

para a realización das actividades de inserción social de colectivos con problemáticas específicas e persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia.

Así, en aplicación do citado artigo, e baixo a epígrafe de actuacións dirixidas á inclusión social, agrúpanse aquelas que teñen como obxectivo o apoio ou reforzo a persoas que, derivado do distanciamento dos seus vínculos persoais co contorno social, precisan dun acompañamento técnico que facilite e/ou posibilite a súa inserción social e laboral, as deseñadas para adquirir formación básica e de tipo laboral específica e adaptada ás necesidades dos colectivos en situación de exclusión social, as destinadas a realizar acompañamento social e as que teñen como obxectivo o intercambio de experiencias, vivencias, aprendizaxes e problemáticas comúns e as súas posibles solucións, en territorios en exclusión territorial severa a través do aproveitamento de espazos de dinamización comunitaria ou de interrelación xeracional.

Por último, e en canto ás actuacións dirixidas á inclusión social en favor da poboación inmigrante, estas promoverán a inclusión social e a integración no mercado de traballo a través do desenvolvemento dalgunha ou algunhas das actuacións que se sinalan no punto anterior, adaptadas ás necesidades das persoas inmigrantes.

Esta orde de convocatoria axústase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no relativo á solicitude, tramitación e concesión das subvencións atendendo, en todo caso, aos principios básicos de publicidade, obxectividade e concorrencia, todo isto sen menoscabo das peculiaridades expresadas nos parágrafos precedentes.

Na súa virtude, e en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, polo Decreto 227/2012, do 2 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e polo Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1.1. Esta orde ten por obxecto o establecemento de subvencións ás entidades de iniciativa social que, de conformidade coa Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

de Galicia, levan a cabo programas e prestan servizos sociais na área de actuación dos servizos sociais comunitarios, inclusión social e especificamente en favor da inclusión social da poboación inmigrante.

Estas actuacións comprenden a atención ás persoas nos centros de inclusión e emerxencia social e o desenvolvemento de programas de servizos sociais comunitarios, de inclusión social e en favor da poboación inmigrante.

1.2. Non obstante, e en relación cos programas de servizos sociais comunitarios, de inclusión social e en favor da poboación inmigrante, non serán considerados como obxecto das axudas reguladas na presente orde as actividades e proxectos que teñan principalmente os seguintes contidos:

a) Promoción da saúde pública, asesoramento sobre enfermidades crónicas, divulgación das características e efectos dunha determinada enfermidade ou outras problemáticas de índole sanitaria, salvo aquelas que consistan na prevención das discapacidades, principalmente as dirixidas ás persoas celíacas e fenilcetonúricas, que deberán, en todo caso, establecer criterios de progresividade social na súa actuación coas persoas e familias beneficiarias.

b) Realización de actividades lúdicas, culturais, de lecer ou recreo.

Ademais, non serán prioritarias, para os efectos previstos nesta orde aquelas actividades ou proxectos susceptibles de acceder a outras liñas de colaboración financeira específicas promovidas por outros centros directivos da Xunta de Galicia.

Artigo 2. *Requisitos das entidades e organizacións solicitantes e incompatibilidade das axudas*

2.1. Requisitos xerais para todos os solicitantes. Poderán ser solicitantes das subvencións reguladas na presente orde as entidades de iniciativa social a que se refire o artigo 30 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, regulado polo Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditacións e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

b) Carecer de ánimo de lucro. Non obstará para a consideración de carencia de ánimo de lucro o feito de que as ditas entidades perciban contraprestación das persoas usuarias, sempre que da análise das súas contas anuais se deduza a non obtención de beneficio.

c) Ter o domicilio social en Galicia ou delegación na Comunidade Autónoma.

d) Non atoparse en algunha das situacións establecidas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) As entidades que accedan á presente convocatoria deberán dedicarse con carácter preferente, en concordancia cos seus estatutos, á realización de actuacións recollidas no artigo 1.

Todos os requisitos sinalados deberán cumprirse na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de execución do programa subvencionado.

2.2. Requisitos específicos para solicitantes das axudas para atención de persoas en centros: ademais do anterior, será requisito previo ao outorgamento das subvencións a entidades para o funcionamento dos centros en que se presten servizos sociais comunitarios a obtención da autorización para o inicio de actividades, prevista no Decreto 254/2011, do 23 de decembro (DOG nº 14, do 20 de xaneiro de 2012), polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia.

Para solicitar a subvención bastará coa presentación, antes do remate do prazo de presentación das instancias desta orde, da copia da solicitude do permiso de inicio de actividades en que conste o rexistro de entrada e coa cal se acredite que se ten iniciado o procedemento. A solicitude do permiso de inicio de actividades presentarase en modelo normalizado e irá acompañada da documentación prevista no artigo 25 do devandito decreto e dirixida á unidade administrativa competente para tramitala.

En todo caso, a comisión de valoración verificará que a entidade solicitante ten concedido o mencionado permiso con anterioridade á notificación da resolución da subvención que corresponda.

2.3. Incompatibilidade para solicitantes das axudas para o funcionamento de centros e promoción de actividades: as subvencións para o funcionamento de centros reguladas nesta orde non son compatibles coa reserva de prazas efectuada mediante calquera das

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

modalidades de contratación administrativa entre a entidade solicitante e a Xunta de Galicia nin co mantemento de centros e subvención de actividades a través de convenios de colaboración especificamente asinados para tal efecto.

Artigo 3. *Tipos de subvencións*

3.1. Os tipos de subvencións que se poderán solicitar son os seguintes:

A. Para funcionamento de centros de inclusión e emerxencia social.

Inclúese neste tipo o funcionamento daqueles centros que complementen os ámbitos de intervención social do Sistema Galego de Servizos Sociais neste nivel de atención, que se especifican no artigo 3 da Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, e que corresponden ás seguintes tipoloxías:

a) Albergues.

b) Centros de acollida.

c) Comedores sociais.

d) Centros de atención social continuada.

e) Centros de día e inclusión social.

B. De promoción de actuacións singularizadas que constitúan a totalidade ou parte dun proxecto de carácter básico, innovador e/ou complementario dos servizos sociais comunitarios e de inclusión social e en favor da poboación inmigrante.

B.1. De promoción de actuacións singularizadas que constitúan a totalidade ou parte dun proxecto de carácter básico, innovador e/ou complementario dos servizos sociais comunitarios:

Inclúese neste tipo o desenvolvemento de actuacións deseñadas para complementar, ampliar ou innovar proxectos básicos de actuación dos servizos sociais comunitarios referidos no artigo 9 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63, do 30 de marzo), como o de axuda no fogar; de inserción social; de fomento da cooperación social; de convivencia alternativa,

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

programas informativos orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares na procura da súa normalización e reincorporación social para favorecer o mantemento dos seus vínculos familiares e a súa autonomía e calidade de vida ou calquera outro que dea cumprimento ao obxecto deste nivel de atención, segundo se recolle nos artigos 9 a 13 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e no Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

Terán a consideración de subvencións de promoción de actuacións singularizadas que constitúan a totalidade ou parte dun proxecto de carácter básico, innovador e/ou complementario dos servizos sociais comunitarios, entre outros, os programas integrais de base comunitaria en zonas rurais que favorezan a inclusión social e laboral de persoas mozas, mulleres e colectivos con dificultades de inserción, así como programas integrais de base comunitaria en barrios urbanos que desenvolvan accións preventivas, de intervención, seguimento e titorización para persoas en situación ou risco de exclusión social, sempre que non podan ser incluídos nalgún dos puntos establecidos na letra B.2.

Os contidos das actividades elixibles para seren subvencionados con cargo a esta orde axustaranse ao tipificado nos artigos 9 a 13 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63, do 30 de marzo).

B.2. Promoción de actuacións singularizadas que constitúan a totalidade ou parte dun proxecto de inclusión social:

Inclúense neste tipo actuacións que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social seguintes:

a) Actuacións deseñadas para permitir a adquisición e desenvolvemento das habilidades sociais e hábitos prelaborais para dinamizar as capacidades e recursos persoais e sociais realizadas a través de itinerarios personalizados de inserción sociolaboral. Estes itinerarios incluirán as accións necesarias, se é o caso, para o deseño, valoración social individual, revisión dos obxectivos ou actuacións, seguimento do itinerario, medidas de acompañamento e orientación social e laboral, mellora de habilidades sociais básicas, técnicas de busca de emprego, intermediación laboral, coordinación con outros dispositivos de atención, etc., considerándose, para os efectos da presente orde, que cumpre a dita condición cando conteñan, ao menos, seis das citadas accións. Así mesmo, consideraranse neste punto aqueles programas que inclúan unicamente como acción formativa a preparación teórica adaptada para a adquisición do permiso de condución, que poderá ter

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

tanto carácter grupal como individual. Esta actuación non se considerará subvencionable se esa actividade non forma parte dun itinerario de inserción social.

b) Actuacións deseñadas para adquirir formación básica e de tipo laboral específica e adaptada ás necesidades dos colectivos en situación de exclusión social que permitan mellorar a súa cualificación socioprofesional.

c) Actuacións deseñadas para realizar acompañamento social, que consistirán na posta á disposición dos usuarios, de servizos de apoio persoal e/ou familiar que faciliten o axeitado desenvolvemento de itinerarios de inserción sociolaboral ou da súa formación complementaria, tales como asistencias domiciliarias ou outro tipo de tarefas de acompañamento que, realizadas fóra do domicilio, teñan carácter complementario da súa formación ou do seu itinerario de inclusión sociolaboral por estaren dirixidas a persoas dependentes do beneficiario deste.

d) Actuacións en territorios en exclusión territorial severa, que teñan por finalidade tanto compartir experiencias, vivencias e aprendizaxes como debatir problemáticas comúns e as súas posibles solucións, a través do aproveitamento de espazos de dinamización comunitaria ou de interrelación xeracional, sempre que exixa a presenza e dedicación de persoal dinamizador. Para os efectos da presente orde, entenderase que un territorio sofre exclusión territorial severa cando a súa dispersión, recente perda de poboación e/ou dificultades de comunicación por estrada impidan ou dificulten de xeito importante o desenvolvemento destes espazos de comunicación. Para os efectos de valorar a dispersión, perda de poboación ou dificultade de transporte por estrada, a comisión de valoración empregará indicadores de estatísticas oficiais que poderá complementar con outros deseñados por axentes ou institucións especializadas.

Serán persoas beneficiadas dos programas ou actuacións subvencionadas neste punto os perceptores da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia, persoas en situación ou risco de exclusión derivadas da rede de equipos de inclusión sociolaboral e, en xeral, persoas afectadas por factores de exclusión social. Para a consideración destes factores observarase o establecido nos artigos 3.1 e 3.3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. Así mesmo, e en aplicación do artigo 56.5 da citada lei, no caso de unidades de convivencia con varias persoas en condicións de iniciar o itinerario de inserción laboral, estableceranse medidas personalizadas para cada unha delas. Na ficha de descrición da actuación (anexo V) deberán quedar reflectidos os criterios de selección dos/as destinatarios/as e o seu perfil.

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

Estas actuacións, de acordo cos obxectivos establecidos pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito da inclusión social, e tendo en conta as directrices marcadas pola Unión Europea no marco de apoio ás políticas destinadas a mellora do emprego e da promoción da inclusión social, estarán subvencionadas no marco do programa operativo FSE Galicia 2007/2013 no eixo 2, tema prioritario 71 e cun cofinanciamento do FSE ao 80 %.

B.3. Promoción de actuacións singularizadas que constitúan a totalidade ou parte dun proxecto de inclusión social en favor da poboación inmigrante.

Inclúense neste punto o desenvolvemento de programas de inclusión social que contribúan de forma maioritaria a incrementar a participación das persoas inmigrantes no mundo laboral.

Os ditos programas promoverán a inclusión social e a integración no mercado de traballo a través do desenvolvemento dalgunha ou algunhas das actuacións que se sinalan no apartado B.2 anterior, adaptadas ás necesidades das persoas inmigrantes, que poden incluír actuacións de formación lingüística, introdución ao funcionamento e características da sociedade de acollida, formación no coñecemento e respecto dos valores constitucionais, estatutarios e da Unión Europea, dereitos humanos, liberdades públicas, tolerancia e igualdade entre homes e mulleres, asesoramento xurídico en materia de estranxeiría e calquera outra actuación que resulte necesaria para a atención das súas necesidades específicas.

Serán persoas beneficiadas dos programas ou actuacións subvencionadas neste punto as persoas inmigrantes que acrediten documentalmente tal condición e se atopen en situación de vulnerabilidade ou en risco de exclusión social, de acordo co establecido nos artigos 3.1 e 3.3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. Darase prioridade de participación nestes programas aos perceptores da renda de inclusión social de Galicia e aos membros da súa unidade de convivencia.

Na ficha de descrición da actuación (anexo V) deberán quedar reflectidos os criterios de selección dos/as destinatarios/as e o seu perfil.

Estas accións son elixibles no marco do Programa operativo FSE Galicia 2007/2013, no eixo 2, tema prioritario 70 e cun cofinanciamento do FSE do 80 %.

3.2. O número de actuacións singularizadas que constitúan a totalidade ou parte dun proxecto de carácter básico, innovador e/ou complementario dos servizos sociais comu-

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

nitarios e de inclusión social e en favor da poboación inmigrante para os cales se poderá solicitar subvención será como máximo de catro, e indicarase a orde de prioridade entre eles. Isto non será aplicable a aqueles que teñan inequivocamente un contido formativo concreto e totalmente diferenciado.

Artigo 4. *Financiamento*

Na concesión das subvencións reguladas nesta orde destínanse os importes sinalados a seguir que figuran na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2014.

11.05.312A.481.3: 2.000.000 €.

Desta contía destinarase un importe de 1.500.000 € a subvencionar o funcionamento de centros de inclusión e emerxencia social (artigo 3.1.A), para os efectos da súa consideración como importe global máximo sometido a rateo.

Coa finalidade de subvencionar a promoción de actuacións singularizadas establecidas no artigo 3.1.B da presente orde destinaranse as seguintes partidas orzamentarias, que se verán incrementadas co crédito restante da operación mencionada no parágrafo anterior.

11.05.313C.481.6: 1.411.424,99 €, cofinanciada nunha porcentaxe dun 80 % polo FSE.

11.05.312C.481.0: 298.335,00 €, cofinanciada nunha porcentaxe dun 80 % polo FSE.

A contía citada no presente artigo poderá incrementarse de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias e sempre que o incremento derive dos supostos contidos no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño).

Artigo 5. *Gastos subvencionables*

1. Serán gastos subvencionables en relación co artigo 3 desta orde os que a seguir se relacionan e axustaranse ao establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao Decreto 11/2009, de desenvolvemento da anterior e, se é caso, o establecido na Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, de gastos subvencionables polo FSE, e a Orde TIN/788/2009, do 25 de marzo, e Orde ESS/1337/ 2013, do 3 de xullo, que a modifican.

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

En todo caso, os gastos subvencionables deberán axustarse ao seguinte:

Gastos de mantemento:

1.1. Gastos de persoal.

1.1.1. Gastos de persoal de carácter directo necesarios para a execución das accións: terá a dita consideración o persoal que execute directamente funcións relacionadas coa operación subvencionada e que, por tanto, desenvolva funcións inequivocamente identificables con ela. A identificación da operación, no caso de traballadores por conta allea, deberá constar no contrato de traballo, no caso de que a xornada de traballo estea integramente destinada á execución da operación ou nunha previa asignación de funcións directas, no caso de dedicación parcial da xornada de traballo. Así mesmo, poderá adoptar as seguintes formas:

a) Traballadores contratados pola entidade: serán subvencionables as retribucións totais correspondentes á execución do programa, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social e a parte proporcional da paga extraordinaria que lle corresponda.

b) Traballadores por conta propia contratados pola entidade: consideraranse gastos subcontratados e seralles de aplicación o límite máximo establecido no punto 3 do presente artigo.

1.1.2. Gastos de persoal de carácter indirecto: terán a dita consideración aqueles que non teñan vinculación directa co desenvolvemento da operación pero que resulten necesarios para a súa realización. A asignación destes gastos exixirá a *pro rata* á operación consonte un método xusto e equitativo que constará por escrito con carácter previo á realización dos gastos.

1.1.3. As axudas de custo e gastos de viaxe tamén se rexerán na súa contía pola normativa establecida nos convenios colectivos.

1.2. Gastos correntes consumibles non amortizables necesarios para a realización da actividade: comprenderán gastos do aluguer debidamente xustificados, gastos de mantemento do equipamento destinado á operación, gastos de material e outros necesarios para a execución da actividade. Estes gastos terán carácter directo sempre que estean vinculados exclusivamente á operación e sexan necesarios para a súa execución. No caso de que a súa vinculación non teña natureza exclusiva serán considerados gastos de carácter

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

indirecto e serán aplicables á operación a través dun método de imputación xusto e equitativo que constará por escrito con anterioridade á realización dos gastos.

1.3. Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionable e os de administración específicos só serán subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada ou son indispensables para a axeitada preparación ou execución desta. Así mesmo, no caso de que se opte por unha contabilización separada da operación a través da apertura ou mantemento separado nunha conta bancaria específica poderán ser subvencionables os gastos de apertura, se é o caso, e os do seu mantemento.

1.4. *Renting* ou gastos de amortización derivados da adquisición de mobiliario, equipamento, vehículos, infraestruturas, bens inmobles e terreos, asignados exclusivamente durante a execución da operación e, no caso da amortización, sempre que as axudas públicas non contribuísen á súa adquisición. A amortización calcularase de conformidade coas normas de contabilidade xeralmente aceptadas e o custo referirase exclusivamente ao período subvencionable.

1.5. Os gastos dos/as usuarios/as participantes nas accións incluirán axudas de custo de desprazamento, remuneracións ou asignacións de participantes. Estas axudas de custo de desprazamento ou as remuneracións ou asignacións a participantes non poderán ser percibidas por persoas titulares dunha renda de inclusión social de Galicia que inclúa ese complemento, excluíndose da dita consideración aos beneficiarios indirectos da dita prestación. Estas bolsas terán unha contía máxima subvencionable de 9 euros día/lectivo sempre que non superen no seu conxunto o 20 % do importe total do programa subvencionado. Así mesmo, consideraranse subvencionables os gastos derivados dos seguros de accidentes dos/as alumnos/as, así como aqueles outros destinados a cubrir continxencias de risco derivadas da actividade subvencionada.

2. As dúbidas ou controversias en relación coa subvencionalidade das actividades serán resoltas pola Consellería de Traballo e Benestar por propia iniciativa ou por petición de calquera das entidades solicitantes.

3. Con respecto ás axudas reguladas nas letras A e B do artigo 3.1 da presente orde, está permitida a subcontratación, entendendo por esta a concertación con terceiros da execución parcial da actuación/funcionamento que constitúe o obxecto da subvención. O beneficiario poderá subcontratar ata un límite máximo do 80 % do importe da actuación subvencionada e deberá xustificar adecuadamente a súa necesidade. Queda fóra deste

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incorrer o beneficiario para a realización por si mesmo da actuación subvencionada.

Todo procedemento de contratación deberá respectar os principios de transparencia, publicidade e libre concorrencia, estando os subcontratistas obrigados a facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás actuacións subcontratadas. En especial, e segundo o artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño), cando o importe do gasto para subcontratar supere a contía de 18.000 € o beneficiario deberá solicitar como mínimo 3 ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para prestación do servizo, agás no caso de que polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades ou que os gastos se realizasen con anterioridade á solicitude da subvención.

Artigo 6. *Solicitudes e documentación requirida*

1. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (https://sede.xunta.es), de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes (DOG nº 241, do 17 de decembro de 2010). Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Alternativamente tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

En caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de correos na primeira folla do formulario para garantir que a data de remisión é anterior á de peche da convocatoria.

2. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no DOG.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

3. A solicitude (anexo I) deberá ir acompañada, ademais, pola documentación que a seguir se indica:

3.1. Documentación común a todo tipo de subvencións:

a) Memoria da entidade que se axustará ao modelo do anexo II e conterá os datos básicos de identificación e unha presentación da entidade que recolla, como mínimo, as epígrafes sinaladas neste anexo.

b) Acreditación da representación do solicitante para actuar en nome da entidade. En canto á acreditación da personalidade deberá presentarse fotocopia do documento nacional de identidade ou documento equivalente no caso de que o/a interesado/a non autorice expresamente a comprobación dos datos por medio do acceso telemático ao sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

c) Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal.

d) As entidades que solicitasen subvención no exercicio anterior quedarán exentas de presentar a documentación prevista nas alíneas b) e c), sempre que non se producisen modificacións no seu contido, circunstancia que será acreditada mediante certificación simple expedida polo representante da entidade, onde se indicará a referencia administrativa do expediente onde consta a dita documentación.

3.2. Documentación específica para as subvencións de funcionamento de centros de inclusión e emerxencia social (subvencións do tipo A das relacionadas no artigo 3.1 desta orde).

Unha ficha de identificación do centro (anexo IV) para o cal se solicita a subvención, que deberá informar dos seguintes aspectos:

– Identificación do centro e do seu responsable.

– Ficha de financiamento público do centro.

– Capacidade e réxime económico aplicado ás persoas usuarias.

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

– Cadro de persoal profesional e voluntario.

– Servizos prestados e actividades ofertadas con carácter regular.

– Descrición das características técnicas do centro.

– Relación ou número previsto de persoas usuarias que se atenderán.

– Orzamento de funcionamento do servizo, referido ao período que vai do 1 de xaneiro ao 30 de novembro de 2014.

Esta información mínima requirida no anexo IV poderá ser ampliada, a discreción da entidade solicitante, nunha memoria complementaria.

3.3. Documentos específicos para as subvencións de promoción de actuacións singularizadas que constitúan a totalidade ou parte dun proxecto de carácter básico, innovador e/ou complementario dos servizos sociais comunitarios e de inclusión social e en favor da poboación inmigrante (subvencións do tipo B1, B2 e B3 das relacionadas no artigo 3.1 desta orde).

Unha ficha (anexo V) de descrición por cada actuación, con custo diferenciado para o cal se solicita subvención. Esta/s ficha/s, coa información mínima requirida, deberá/n expresar o seguinte:

– Identificación da entidade.

– Denominación da actuación. No caso de solicitarse varias actuacións, estas deberán poder considerarse de xeito separado e, no caso de actuacións deseñadas para adquirir formación básica e de tipo laboral, entenderanse separadamente aquelas desenvolvidas en distintas localidades ou con distintos participantes, aínda no caso de que o seu contido sexa idéntico.

– Obxectivos e descrición xeral da actuación.

– Cooperación con outras entidades, se procede.

– Xustificación da necesidade, descrición e resumo do contido da actuación, o cal deberá estar adaptado aos destinatarios do programa. Así mesmo, describiranse tanto as instalacións como o equipamento que se vai utilizar para garantir o axeitado desenvolvemento

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

da actuación. No caso de accións formativas que impliquen un compromiso de contratación ou de formación laboral a que se refire o artigo 8.2 da presente orde, achegarase documento acreditativo asinado pola empresa.

– Fases da actuación e período de execución: a descrición conterá a programación na execución e desenvolvemento da actuación, con descrición, se é o caso, das horas de execución efectiva, os días, semanas ou meses de realización. Nas actuacións de tipo formativo distinguirase o número de horas teóricas e/ou prácticas e as unidades didácticas ou módulos en que se divide a acción formativa, con expresión da súa duración, así como aquelas outras actuacións necesarias para a preparación e avaliación da actuación formativa.

– Perfil e criterios de selección dos/as destinatarios/as e número de usuarios/as previstos da actuación e para cada unha das fases da actuación. Concretarase, de ser o caso, unha relación nominal das problemáticas dos/as usuarios/as que se atenderán. No caso de solicitudes tipo B2, este punto deberá axustarse ao establecido no artigo 3.1 da presente convocatoria.

– Metodoloxía e medios que se van a utilizar para o desenvolvemento da actuación, incluíndo os recursos humanos que se precisarían. No caso de formación práctica, indíquese se o desenvolvemento da dita actuación precisa dun monitor a cargo da entidade solicitante.

– Sistemas de avaliación e seguimento da actuación. Será necesario que, como mínimo, se realice unha enquisa de avaliación e satisfacción por parte do participante nas actuacións formativas realizadas, asinado por estes e persoal técnico, docente/monitor.

– Orzamento desagregado por partidas dos gastos previstos, así como dos posibles recursos con que se conte para o seu financiamento, que deberá comprender todos os gastos necesarios para o desenvolvemento e viabilidade da actuación. No caso de solicitarse varias actuacións, cubrirase un anexo por cada unha delas.

A información mínima requirida no presente anexo poderá ser ampliada a discreción da entidade solicitante nunha memoria complementaria.

3.4. A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

3.5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente do formulario principal, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

No caso de que algún dos documentos que vai presentar a persoa solicitante de forma electrónica supere os tamaños límite establecidos pola sede electrónica, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para iso, e xunto co documento que se presenta, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. Na sede electrónica da Xunta de Galicia publicarase a relación de formatos, protocolos e tamaño máximo admitido na documentación complementaria para cada procedemento.

Na sede electrónica encóntranse publicados os formatos admitidos para a presentación de documentación. Se o solicitante desexa presentar calquera documentación en formatos non admitidos, poderá realizalo de forma presencial a través de calquera dos rexistros habilitados. A persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

3.6. Autorizarase a través do modelo de solicitude a realización das comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos de identidade da persoa solicitante. No caso de que esta non o autorice, estará obrigada a achegar copia do documento nacional de identidade.

3.7. As solicitudes das persoas interesadas acompañarán os documentos e as informacións determinados no punto 3 deste artigo, salvo que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da Administración actuante; neste caso, a persoa solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de 5 anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir á persoa solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3.8. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006, e no artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Traballo e Benestar comunicará ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios e publicará na súa páxina web oficial e no *Diario Oficial de Galicia* a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, poidan impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade. Así mesmo, e en aplicación dos artigos 6 e 7.2 d) do Regulamento (CE)1828/2006, a dita relación será comunicada á autoridade de xestión do Programa operativo FSE Galicia 2007-2013, con expresión da operación financiada e os fondos públicos asignados para os efectos de ser publicada.

Artigo 7. *Tramitación dos expedientes*

7.1. Emenda da solicitude. A Subdirección Xeral de Inclusión, Inmigración e Acción Social comprobará que as solicitudes cumpren co establecido na presente orde e, se é o caso, requirirá os interesados para que no prazo de dez días hábiles emenden as faltas ou acheguen os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixeren, se terán por desistidos da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Segundo os artigos 59, 60 e 61 da Lei 30/1992, a realización dos requirimentos que procedan poderase efectuar por medio de publicación no portal de Benestar da Consellería de Traballo e Benestar no enderezo http://benestar.xunta.es ou no *Diario Oficial de Galicia*.

O requirimento terá eficacia desde a publicación e, sen prexuízo do anterior, a Subdirección Xeral de Inclusión, Inmigración e Acción Social poderá comunicar os requirimentos ao enderezo de correo electrónico, sempre que se indique na solicitude, e entenderase cumprido este trámite coa realización da comunicación nun só intento. Así mesmo, débese significar que os prazos de dez días se computarán desde a publicación na páxina web dos requirimentos e non desde a súa comunicación.

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

Poderase requirir ás entidades solicitantes que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarias para a tramitación e resolución do procedemento.

Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

7.2. Os expedientes, unha vez revisados e, se é o caso, completados, remitiranse á comisión de valoración, de acordo co disposto no punto seguinte, que terá a función de propoñer a aprobación ou denegación das subvencións, seguindo os criterios obxectivos recollidos para cada tipo de subvención. A comisión de valoración poderá solicitar informe á unidade administrativa con competencias en materia de autorización e inspección de servizos sociais acerca do grao de cumprimento da normativa en materia de inscrición de entidades e autorización dos centros e/ou programas de servizos sociais.

7.3. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

– Presidente/a: o/a subdirector/a xeral de Inclusión, Inmigración e Acción Social.

– Vogais: o/a xefe/a do Servizo de Inclusión e Acción Social, o/a xefe/a do Servizo de Prestacións, e un/unha funcionario/a adscrito/a á Subdirección Xeral de Inclusión, Inmigración e Acción Social. Ademais, actuando como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a por proposta do/a presidente/a. En caso de ausencia dalgún membro da comisión de valoración, poderá ser substituído pola persoa designada polo/a presidente/a.

7.4. Para o exercicio das súas funcións, a comisión de valoración poderá solicitar informes dos servizos técnicos pertinentes, tanto a nivel central como territorial, que non terán carácter preceptivo nin vinculante.

Artigo 8. *Determinación do importe das axudas*

8.1. Subvención para o funcionamento de centros de inclusión e emerxencia social.

A determinación do importe das axudas para o funcionamento de centros de inclusión e emerxencia social atenderán, en virtude do establecido no artigo 19.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a un sistema de rateo entre as solicitudes.

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

O crédito destinado a esta tipoloxía de axudas do artigo 3.1.A), 1.500.000 €, distribuirase por rateo entre todas as solicitudes que cumpran os requisitos, tomando como referencia o número de persoas que cada un prevé atender, coa limitación do número de prazas para que estea autorizado o centro, e cun importe unitario máximo de axuda por persoa atendida en función da tipoloxía de centro, do xeito seguinte:

8.1.1. Centros de acollida e inclusión: módulo de 40 € por cada persoa con atención especializada por día e módulo de 6 € por cada persoa con atención básica por día, cun límite máximo de 175.000 euros por centro.

8.1.2. Centros de día de inclusión social: módulo de 3 € por cada persoa que se atenda por día, cun límite máximo de 40.000 euros por centro.

8.1.3. Albergues: módulo de 5 € por cada persoa que se atenda por día, cun límite máximo de 40.000 euros por centro.

8.1.4. Comedores sociais: módulo de 3 € por cada persoa que se atenda por día, cun límite máximo de 100.000 € por centro.

8.1.5. Centros de atención social continuada: módulo de 3 € por cada persoa que se atenda por día, cun límite máximo de 40.000 euros por centro.

8.2. De promoción de actividades e proxectos básicos, innovadores e/ou complementarios dos servizos sociais comunitarios, de inclusión social e en favor da poboación inmigrante.

8.2.1. Unha vez rateado o crédito destinado ás axudas da tipoloxía A do artigo 3.1, o crédito restante dispoñible distribuirase entre as solicitudes de tipoloxía B1, B2 e B3 do artigo 3.1 de xeito proporcional ao número de solicitudes de cada tipoloxía, onde a concesión das subvencións atenderá a un réxime de concorrencia competitiva, o cal terá en conta os seguintes criterios de valoración:

a) A necesidade social do programa en relación á inexistencia de recursos suficientes na zona de desenvolvemento da actividade, os obxectivos que se pretenden acadar, en función do contido técnico do programa, así como o seu carácter innovador e, especialmente, aqueles relativos á inserción laboral prevista cando se trate de proxectos de formación para a inserción laboral. A dita inserción será especialmente valorada se está documentada mediante o compromiso por parte dunha empresa, ou ben de contrato de traballo ou ben de realización de prácticas como parte da formación laboral, o cal deberá estar asinado

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

polas partes implicadas. De non existir o dito documento, este aspecto non será apreciado. Producirá os mesmos efectos a acreditación documental de que a entidade solicitante é promotora ou traballa en coordinación cunha empresa de inserción laboral (EIL) debidamente inscrita no Rexistro Administrativo de Empresas de Inserción Laboral de Galicia. Ata un máximo de 30 puntos, reservándose un total de 20 puntos a aqueles aspectos relativos á inserción laboral prevista e compromiso por parte dunha empresa de realización das prácticas ou de contratación das persoas beneficiadas.

b) Dimensión e eficacia social da entidade: o número e perfil das persoas usuarias previstas, o cal deberá coincidir co número de destinatarios previstos segundo o artigo 6, punto 3.3 da presente orde, tanto no que refire ás súas condicións obxectivas de vulnerabilidade como, especialmente, ao feito de seren beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia, seren derivadas dos servizos sociais comunitarios básicos ou dos equipos de inclusión sociolaboral do II Plan galego de inclusión social. Non se computarán aquelas persoas usuarias que participen en xornadas, cursos, seminarios ou outras actividades análogas non periódicas ata un máximo de 15 puntos, oito deles en función do número de beneficiarios, téndose en conta o perfil dos beneficiarios que se van atender para o outorgamento dos restantes.

c) Experiencia na realización de programas de inserción sociolaboral para persoas en situación ou risco de exclusión social, reflectida na execución de programas e na memoria da entidade. Ata un máximo de 10 puntos, catro deles relativos ao número de insercións acadadas no ano anterior.

d) Actuacións integrais de carácter transversal en dous ou máis ámbitos da inclusión social (educación e formación, inserción laboral, acción social, vivenda, sanidade) e/ou a complementariedade do programa no territorio. Ata un máximo de 15 puntos.

e) O cofinanciamento por parte da entidade solicitante no orzamento total da actuación ou que reciban financiamento doutras administracións públicas ou privadas. Ata un máximo de 5 puntos, dos cales tres corresponderán ao cofinanciamento por parte da propia entidade.

f) A coordinación e cooperación cos servizos sociais, equipos de inclusión sociolaboral do II Plan galego de inclusión social e outras entidades ou axentes sociais participantes. Ata un máximo de 20 puntos. Esta coordinación será especialmente valorada se se estima que complementa as actuacións desenvolvidas por estes equipos no marco do territorio por eles atendido, reservándose, nese caso, un total de 10 puntos.

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

g) Integración operativa na actuación de accións positivas en prol da igualdade de xénero. Ata un máximo de 5 puntos.

A puntuación máxima será de 100 puntos.

8.2.2. Criterios de repartición económica do crédito:

Unha vez valoradas as solicitudes conforme os criterios establecidos neste punto, obterase unha relación ordenada delas, que se empregará como listaxe para a asignación do crédito dispoñible na convocatoria, o cal se distribuirá segundo o establecido nos parágrafos seguintes:

a) Módulo de accións formativas laborais teóricas/práctica/s, tanto se se imparte nun aula ou en dependencias dunha empresa, sempre que implique a presenza dun monitor para o seu desenvolvemento, 40 €/hora, agás en accións formativas que precisen para o seu desenvolvemento dun equipamento especial, caso en que acadará un importe de 60 €/hora de formación. Para a apreciación deste aspecto será competente a comisión de valoración de solicitudes prevista no artigo 7, a cal recoñecerá esta circunstancia unicamente en caso de imprescindible utilización dos ditos equipamentos no desenvolvemento do curso e racionalidade do gasto proposto. Ambos os aspectos deberán constar claramente na solicitude de subvención formulada pola entidade. Incluiranse nas accións formativas laborais as que teñan a finalidade de adquirir as competencias clave, a formación lingüística e a formación nos valores e características da sociedade de acollida dirixida a persoas inmigrantes.

b) Módulo formación práctica laboral en dependencias dunha empresa:1,5 € por hora e participante ou 0,19 € por kilómetro, participante e día de asistencia, como máximo, en concepto de axuda ao transporte e/ou outros gastos.

c) Módulo de itinerario de inclusión sociolaboral con acompañamento: 1.250 €/persoa. Esta contía incrementarase en 20 € ou 46 € por hora de formación cando o dito itinerario conteña formación dirixida a adquisición do permiso de condución tipo B ou C, respectivamente, aos cales se poderá engadir un importe de 0,19 € por kilómetro, participante e día de asistencia, no caso de que a dita formación exixa necesariamente un complemento de transporte, aspecto que deberá acreditarse xustificando a inexistencia do equipamento axeitado no municipio de residencia do participante e a escaseza de medios alternativos. Estes itinerarios incluirán as accións para adquisición e desenvolvemento das habilidades sociais e hábitos prelaborais para dinamizar as capacidades e recursos persoais e sociais.

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

Se as persoas son persoas sen fogar ou se atopan en situación de exclusión severa, este módulo será de 2.000 €/persoa, circunstancia que se fará constar no momento da solicitude, comprometéndose expresamente a entidade solicitante da axuda a achegar certificación, asinada polos servizos sociais, que acredite a dita situación no momento previo ao pagamento.

A Subdirección Xeral de Inclusión, Inmigración e Acción Social supervisará as accións previstas nos ditos itinerarios nas acreditación de unidades físicas e poderá requirir á entidade solicitante a súa modificación se conteñen duplicidades ou contradiccións que afecten a correcta xustificación das axudas. Unicamente corresponderá a percepción deste módulo no caso de que a atención ao participante maioritariamente teña carácter individual. A realización de máis de dúas accións impartidas en grupo e de natureza formativa por cada seis realizadas dará lugar á aplicación do módulo de acción formativa laboral teórica/práctica descrito anteriormente, de xeito exclusivo.

d) Módulo de accións informativas: 5 € por persoa/ano en cada actuación.

e) Módulo de asistencia para cubrir necesidades básicas: 10 € por persoa/ano en cada actuación.

f) Módulo de medidas de acompañamento social: 15,50 €/hora e persoa usuaria.

g) Módulo de espazos de dinamización comunitaria ou de interrelación xeracional: 40 € por hora de actividade acreditada.

O importe final das axudas será o resultado de multiplicar o módulo correspondente segundo o descrito anteriormente polo número de unidades del que se prevé realizar, establecendo unha contía máxima de axuda por actuación de 30.000,00 €.

O módulo descrito no presente artigo na alínea a) incrementarase nun importe de 9 € por día lectivo e participante, en concepto de axudas de custo de desprazamento, remuneracións ou asignacións de participantes, sempre que o importe máximo da axuda, incluído o dito concepto, non supere os 30.000 €, e o importe correspondente ás bolsas non supere no seu conxunto o 20 por 100 % do importe total do programa subvencionado. Este módulo non será de aplicación se os participantes son persoas titulares dunha prestación renda de inclusión de Galicia nas datas de realización da actuación formativa que inclúa ese complemento, segundo o teor do establecido no artigo 5.1.5 da presente orde.

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

De non esgotarse todo o crédito destinado a unha tipoloxía de subvención, poderá ser utilizado no resto das tipoloxías de axuda, sempre que se respecten os principios de elixibilidade que establezan os fondos financiadores das ditas axudas.

Artigo 9. *Resolución*

1. A concesión das subvencións obxecto desta orde será resolta pola directora xeral de Familia e Inclusión, actuando por delegación da conselleira de Traballo e Benestar e unha vez que teña o informe da comisión de valoración e fiscalizada a proposta pola intervención delegada. Nunha mesma entidade poderá recaer a resolución favorable de máis dunha actuación.

2. As resolucións ditadas serán motivadas e notificaranse aos interesados no prazo máximo de cinco meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente orde. Se vencer o prazo máximo para resolver sen se ter ditado resolución expresa, os/as interesados/as entenderán desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.

3. As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao amparo da presente orde porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interporse, sé é o caso, recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir da notificación da resolución expresa ou de tres meses a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ante o mesmo órgano que as ditou, de acordo co previsto no artigo 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a orde xurisdicional competente, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde a súa notificación se o acto é expreso, ou seis meses a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, e sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan executar calquera outro que coiden oportuno.

4. En todo caso, unha vez recibida a resolución da concesión da subvención a entidade beneficiaria deberá comunicar no prazo de dez días a aceptación da subvención, comprometéndose a executar o programa ou actuación subvencionado no prazo e condicións establecidos na convocatoria. No caso de non comunicar o dito dato no prazo indicado, entenderase tacitamente aceptada. No mesmo prazo e en substitución do anterior, no caso de actuacións comprendidas no artigo 3.1 B2 e B3, deberá comunicar as persoas que teñen previsto atender, identificadas co nome, apelidos e DNI, comunicación que sempre se realizará de maneira expresa.

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

5. En aplicación do artigo 25 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando a subvención teña por obxecto o financiamento de actividades e o importe da axuda da proposta de resolución sexa inferior ao que figura na solicitude, poderase instar nun prazo de dez días a reformulación da solicitude para axustar os compromisos e as condicións á subvención concedida e/ou formular as alegacións que se consideren pertinentes. En calquera caso, a reformulación de solicitudes deberá respectar o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos e que deron lugar ao outorgamento dela. Así mesmo, a dita reformulación non poderá comprometer o desenvolvemento e viabilidade do programa, polo que se deberán manter aqueles gastos necesarios para o seu correcto desenvolvemento.

6. Todos estes aspectos serán apreciados pola comisión de valoración, a cal dará a súa conformidade e remitirá o actuado á directora xeral de Familia e Inclusión, quen ditará resolución que terá carácter definitivo.

Artigo 10. *Modificación da resolución de concesión*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas ou subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. Non obstante o anterior, como regra xeral permítese a acumulación de axudas, sempre que o importe total destas non supere o custo total da actuación. Este dato farase constar na resolución de concesión.

2. Así mesmo, poderá acordarse a modificación da resolución da subvención, por instancia do beneficiario, sempre que se cumpran os requisitos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, e con carácter excepcional, poderanse efectuar resolucións complementarias fóra do prazo establecido, cando non sexa posible efectualas dentro del, por existiren fondos procedentes de renuncias de subvencións inicialmente concedidas ou doutro tipo de remanentes. Neste caso, salvo que se acuda a unha convocatoria complementaria, non poderán terse en conta outras solicitudes distintas ás consideradas para a resolución inicial.

4. Será de aplicación aos beneficiarios das subvencións recollidas na presente orde o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

Galicia, así como no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11. *Obrigas das entidades subvencionadas*

As entidades que sexan subvencionadas deberán:

a) Acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención e o cumprimento dos requisitos e das condicións desta ante o órgano concedente. Así mesmo, e no caso de que a axuda concedida sexa financiada polo Fondo Social Europeo (FSE), deberá manter de forma separada na contabilidade os gastos financiados e conservar toda a documentación relativa á subvención durante un período de tres anos contados desde o peche do programa operativo FSE Galicia 2007/2013. Esta circunstancia será oportunamente comunicada na resolución de concesión.

b) Facer constar, en todo tipo de publicidade e información relativos aos programas e actuacións concedidos, a condición de subvencionada pola Consellería de Traballo e Benestar e o Fondo Social Europeo 2007/2013, segundo o establecido nos artigos 8 e 9 do Regulamento 1828/2006, do 8 de decembro, e o Programa operativo FSE Galicia 2007/2013.

c) Informar, se é o caso, os alumnos de que as actuacións en que participan están financiadas pola Xunta de Galicia (Consellería de Traballo e Benestar) e polo FSE, así como dos obxectivos dos ditos fondos, facendo figurar a dita publicidade, como mínimo, nos partes de asistencia/participación, enquisas de avaliación ou certificado de asistencia.

d) O importe das subvencións en ningún caso poderán ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo total da actuación subvencionada. Para estes efectos, comunicará a obtención de axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública, de calquera dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades tanto públicos como privados, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións. A comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Adecuar a metodoloxía das actuacións, así como a de recolla e proceso de datos de seguimento e acreditación da realización da actividade de persoas beneficiadas ás fórmulas que, se for o caso, propoña a Consellería de Traballo e Benestar e, se así é requirido,

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

incorporaranse como usuarios da aplicación informática deseñada e implantada para o II Plan galego de inclusión social. Para estes efectos, a Consellería de Traballo e Benestar asignará á entidade beneficiaria un equipo de inclusión sociolaboral de referencia pertencente ao II Plan galego de inclusión social.

f) Axustarse na execución das accións aos obxectivos que, se é o caso, estableza a Consellería de Traballo e Benestar a través da Dirección Xeral de Familia e Inclusión. En particular e coa periodicidade con que sexa requirido, deberá comunicar á Dirección Xeral de Familia e Inclusión o cumprimento polos/as usuarios/as beneficiados/as das accións subvencionadas, comunicación en que se farán constar, como mínimo, os datos de identificación deles/as e o seu grao de cumprimento.

As entidades estarán obrigadas ao cumprimento da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal e, en concreto, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e o Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da dita lei. Así mesmo, os datos de carácter persoal das persoas beneficiadas atendidos incorporaranse ao ficheiro de datos de carácter persoal «Xestión de servizos sociais», creado pola Orde do 15 de decembro de 2011. En todo caso, a aplicación implicará necesariamente a autorización expresa da persoa usuaria para o tratamento e comunicación dos seus datos de carácter persoal, e a entidade será a responsable de recadar e custodiar a dita documentación.

g) No caso de realización de actuacións deberá remitir, como mínimo con catro días de anticipación, a data de inicio e remate da actuación, así como o horario, a planificación e o enderezo de realización.

h) Solicitar á Dirección Xeral de Familia e Inclusión a autorización das modificacións que afecten as actuacións subvencionadas, cunha anticipación de cinco días.

i) Remitir no prazo de dez días os informes e demais documentación que reclamen os órganos competentes da Consellería de Traballo e Benestar.

j) Facilitar toda a información requirida pola Dirección Xeral de Familia e Inclusión, polos órganos verificadores que se establezan en aplicación do artigo 13 do Regulamento (CE) 1828/2006, do 8 de decembro, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas e outros órganos de control impostos pola normativa comunitaria no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.


XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

k) Contratar un seguro de accidentes nas actuacións formativas e para os alumnos ou participantes que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento das actividades como os do traxecto ao lugar onde se impartan as prácticas, se é o caso.

l) Adecuarase á metodoloxía de recolla e proceso de datos relativos á execución das accións, así como os instrumentos xustificativos do gasto ás fórmulas que, se é o caso, propoña a Consellería de Traballo e Benestar a través da Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

m) Dispoñer de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

n) Todas aquelas obrigas e requisitos que se deduzan do articulado desta orde e dos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e da súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 12. *Normas de carácter xeral*

a) Tanto nas subvencións de funcionamento de centros como nas de promoción de actuacións, a subvención poderá significar o financiamento total ou parcial do gasto, sen que en ningún caso implique duplicidade de financiamento.

b) En calquera caso, a suma dos fondos obtidos de calquera Administración pública e das subvencións concedidas por todo tipo de organismos privados, percibidas coa mesma finalidade, non poderá superar o importe total do gasto efectuado.

c) Os servizos da Consellería de Traballo e Benestar poderán efectuar as comprobacións que consideren oportunas canto ao cumprimento por parte das entidades de iniciativa social participantes dos requisitos exixidos pola Lei de servizos sociais de Galicia e pola súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, poderán solicitar informes dos servizos da rede pública de servizos sociais canto aos aspectos de complementariedade, oportunidade e eficacia dos servizos e actuacións das entidades solicitantes recollidos nesta orde.

d) As entidades sen ánimo de lucro con personalidade xurídica independente que desenvolvan actuacións nun mesmo ámbito territorial, provincial ou supraprovincial estarán facul-

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

tadas para solicitar subvencións dirixidas á realización conxunta de actividades con idéntica finalidade, o que se fará constar na correspondente solicitude. As instancias cursaranse individualmente e cada entidade solicitará unha parte proporcional da axuda, de xeito que a suma resultante das subvencións solicitadas por todas elas non poderá superar o custo total da actuación. En todo caso, a presentación dunha solicitude conxunta impedirá a presentación de solicitudes individuais para outra finalidade.

Artigo 13. *Pagamento e forma de xustificación das subvencións*

Respecto á forma de pagamento, observarase o disposto na Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a normativa comunitaria de aplicación.

13.1. A xustificación das subvencións realizarase pola modalidade de módulos, conforme o artigo 44.b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de la Lei 9/2007, do 13 do xuño, de subvencións de Galicia, segundo se establece a seguir:

13.1.a) Subvención para funcionamento de centros de inclusión e emerxencia social.

O pagamento das subvencións da modalidade de tipo de axuda 3.1.A realizarase en función do número de persoas efectivamente atendidas, multiplicándoo polo importe unitario de axuda por persoa de cada módulo. Para os efectos de comprobación, o centro achegará copia compulsada do libro de rexistro de persoas usuarias ou, se é o caso, conservará unha relación das persoas identificadas ou as fichas empregadas en soporte papel, referido en todos os casos á actividade realizada ao longo de todo o ano en curso.

13.1.b) Subvención de promoción de actuacións de proxectos básicos, innovadores e/ou complementarios dos servizos sociais comunitarios, de inclusión social e en favor da poboación inmigrante.

O pagamento deste tipo de subvencións realizarase en función do número de módulos efectivamente desenvolvidos en cada actuación das tipoloxías de axuda, B1,B2 e B3 do artigo 3.1, multiplicándoo polo importe unitario de cada módulo e tendo en conta o importe máximo de axuda concedida.

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

13.2. A xustificación das axudas conterá:

A. Unha memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades cuantificadas e realizadas e dos resultados obtidos, asinada polo responsable da entidade (anexo VI).

B. Unha relación memoria económica xustificativa que conterá como mínimo:

A contía da subvención calculada sobre a base das actividades cuantificadas na memoria de actuación e o importe dos módulos aplicables (anexo VIII), así como o detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia (segundo o anexo III). Así mesmo, achegarán o balance de ingresos e gastos, referido ao custo total da actividade, segundo o modelo proporcionado no anexo VII, asinado polo presidente ou responsable da entidade en que se reflicta que o gasto realizado foi igual ou superior ao importe total da subvención. De existiren outras fontes de financiamento, o importe destas detraerase do gasto total da actividade subvencionada e o resultado da dita operación aritmética deberá coincidir ou superar o importe da axuda que se subvencione. Así mesmo e, para os efectos de acreditar a obriga de manter de forma separada na contabilidade os gastos financiados, a entidade deberá comunicar unha breve explicación do procedemento e da denominación desagregada empregados (contas e subcontas, códigos, ...).

Para os efectos do cumprimento da acreditación de unidades físicas consideradas como módulo deberá xuntarse documentación xustificativa do número de horas de formación/participación realmente impartidas, a través de partes de asistencia asinados pola persoa participante e responsable/técnico/a da realización da actuación, os cales deberán expresar as realizadas por cada un/ha dos/as participantes diariamente e identificación veraz destes/as, no caso de actividades comprendidas nas letras B.2 e B.3 do artigo 3.1, ou o número e a identificación das persoas usuarias, no caso de accións informativas, de programas de asistencia social para cubrir necesidades básicas e o resto de actividades comprendidas na letra B.1. No caso de subcontratación ou formación práctica laboral en dependencias dunha empresa, os partes de asistencia arriba mencionados deberán conter, ademais, a sinatura do/a responsable executor/a dela. Para os efectos de acreditar as actuacións deseñadas para a adquisición e desenvolvemento das habilidades sociais e hábitos prelaborais de persoas sen fogar, deberá achegarse unha certificación asinada polos servizos sociais que acredite a dita situación. Para homoxeneizar a documentación xustificativa, facilitaranse os modelos a través da páxina web da Consellería de Traballo e Benestar, sempre que non poidan extraerse da plataforma informática ou doutros dispositivos.

CVE-DOG: bykx6iu2-ao75-bqy8-ixi1-hqbtmi0qa005

Ademais do anterior, no caso de constar na solicitude o compromiso por parte dunha empresa, ou ben de contrato de traballo ou ben de realización de prácticas como parte da formación laboral, este deberá acreditarse mediante un documento asinado pola empresa, entidade e participante, agás no caso de ter subvencionado a formación práctica laboral en dependencias dunha empresa segundo o establecido no presente parágrafo.

13.3. O pagamento das subvencións realizarase segundo se establece a seguir:

13.3.1. Para o funcionamento de centros de inclusión e emerxencia social: poderá realizarse ata un máximo de tres pagamentos á conta da liquidación definitiva, sempre que o importe total de todos eles non supere o 80 % da subvención concedida. Neste suposto, a entidade deberá enviar solicitude de pagamento parcial; certificación das actuacións realizadas, onde se reflicta o número e relación das persoas identificadas que foron atendidas ou certificación sustitutiva que acredite que os datos das persoas a que se refire a certificación obran en poder da entidade; anexo III actualizado na data da solicitude do pagamento parcial e balance provisional de ingresos e gastos segundo o modelo do anexo VII, actualizado na data da solicitude de pagamento parcial.

